

Mercado Municipal de Pontedeume



PAZO

DOS ANDRADE

Os **mercados** son o corazón de vilas e cidades. Lugares de compravenda do produto local e tamén espazos de sociabilidade, arredor dos cales naceron outros servizos, negocios e tabernas.

O **mercado de Pontedeume** é un bo exemplo disto. Un espazo aberto, con soportais, nunha das prazas máis senlleiras da vila e en fronte do **Torreón**, derradeiro resto arquitectónico do antigo **pazo dos Andrade**. Mercado do día a día, da abundosa e de calidade produción local e da contorna.

...un pouco de historia

O **mercado de Pontedeume** está situado na *Praza do Conde*, denominación que se pode remontar ata don *Fernando de Andrade*, primeiro *conde de Andrade* no século XVI, aínda que tamén contou con outros nomes como o da “República” ou da “súa Excelencia”. Na actualidade, tamén é coñecida como Praza “do mercado”.

Arredor deste espazo tiveron as principais propiedades na vila os seus señores desde 1371, os *Andrade*, destacando unha por riba de todas: a **casa-pazo**.

Esta construción, que chegou a ter unha superficie duns 1250 m², ocupou gran parte do espazo da actual praza desde finais do século XIV ata os anos 30 do século XX. Probablemente construído por *Fernán Pérez de Andrade* no lugar onde houbo outra fortaleza anterior, foi testemuña do convulso século XV coas revoltas irmandiñas e despois do distanciamento dos condes tralo falecemento de don *Fernando de Andrade* en 1540. Este foi o último señor que morreu no seu interior, e no seu sucesor, don *Pedro Fernández* (o seu neto), confluíron as liñaxes de *Andrade e Lemos*.

En canto á súa estrutura, o **pazo** articulábase arredor dun patio central cadrado con arcadas apuntadas. Contaba coa *capela de San Miguel* (á que se accedía a través dun pasadizo de madeira), sala de audiencia, cociña, comedor, sala de xustiza, o patio e outras estancias, coa torre (o *Torreón*) na parte norte. O **pazo** pechaba o espazo amurallado pola parte noroccidental, coa horta (os actuais *Xardíns de Lombardero*) ao outro lado da muralla. No século XVI, en tempos de don *Fernando de Andrade*, engadiuse unha segunda planta e o patio modificouse ao se construír un corredor porticado con columnas de tambores octogonais e portas con arcos mixtilíneos, apuntados e conopiais, seguindo o estilo da época. Tamén neste momento se levantou o grande arco de medio punto que daba acceso ao **pazo** desde a *praza do Conde*, na parte leste. Como última modificación importante,

engadiuse no século XVII un gran salón adosado polo lado leste, rematando o proceso de transformación entre un **pazo** feudal e un **pazo** urbano. Foi esta a estrutura que en liñas xerais chegou ata o século XX.

A pesares de manterse como propiedade dos sucesivos condes que o visitaron esporádicamente e habitado polos seus administradores, o seu estado foi esmorecendo paseniño. Esta circunstancia e os planes que contemplaba a administración local para co espazo da *praza do Conde* conlevaron a súa definitiva desaparición en 1936, segundo a seguinte secuencia temporal:

1105

Expropiación do **pazo** por parte do concello. Plantéxase en primeira instancia a súa reparación e arrendamento.

1101

Realízanse obras de acondicionamento da parte oeste para a súa utilización como escola.

1111

Destrucción da *capela de San Miguel* e das estruturas que unían o **pazo** co *Torreón*, para abrir a (futura) *avenida de Lombardero* que conecta a vila coa estación de ferrocarril.

1113

O *concello* comeza a amosar intención de construír un grupo escolar no espazo da horta e pazo (o que finalmente non se levaría a cabo).

1123

Deixa de arrendarse para bailes e outros usos debido o seu mal estado.

1124

A pesares do seu estado, é declarado *Monumento Arquitectónico-Artístico pola Dirección Xeral de Instrución Pública*. Ante isto, o *Concello* responde coa súa negativa a sufragar a súa conservación e a intención do seu derrubo para dispoñer do solo público resultante.

1121

Caída da parede norte.

1130

Solicítase a extracción do escudo da fachada leste para situalo no *concello* (finalmente colocouse na fachada sur do *Torreón*, onde se pode contemplar na actualidade).

1132

O *Concello* solicita ao *Ministerio de Fomento e Marina* a demolición do **pazo**.

1133

A pesares dos requerimentos do *Concello*, *Belas Artes* ordena a súa reconstrución. Ese mesmo ano, e retomando a idea do grupo escolar, o *Concello* solicita novamente autorización ao ministro de *Instrución Pública* para a demolición.

1135/36

O **pazo** cae definitivamente, conservándose soamente o *Torreón* e algún resto decorativo. Gran parte dos seus cascallos foron empregados para o recheo do peirao, e os fragmentos de maior valor vendidos.

...o mercado municipal

A desaparición do **pazo** deixou un grande espazo público dispoñible. A idea do grupo escolar foi finalmente desbotada e xa desde os anos vinte estaba en mente dos rexedores a idea de construír un **mercado municipal**, precisamente nunha praza na que xa se viñan celebrando feiras de gando vacún e porcino os domingos (feiras que foron trasladadas á rúa do **Alcacer** en 1937). En 1935, o proxecto de urbanización da praza xa contemplaba a construción deste **mercado**, pero a *Guerra Civil* e posteriores dificultades de Posguerra alongaron o inicio do proxecto ata 1951. As obras foron adxudicadas ao arquitecto **Antonio Tenreiro** en 1952, ano no que comezaron as obras. Non se sabe exactamente cando rematou a edificación, mais si que no 1960 se realizou a ordenación do **mercado**, quedando organizado en dezanove postos. A súa parte sur foi ampliada en 1984.


Este edificio do **mercado** caracterízase pola súa estrutura aberta e porticada, a modo de soportal, que relaciona o interior co seu entorno. Destaca o grande arco circular da entrada norte, de remate mixtilíneo, que o relaciona coa arquitectura neocolonial.

...outros elementos da praza

Aínda que na praza do Conde destacan o **Mercado** e o **Torreón**, hai outros elementos do patrimonio eumés que deben ser salientados.

En primeiro lugar a *“fonte do Pilón”*. Esta fonte de catro canos foi construída en 1671, en vista das dificultades de abastecemento da vila a través da única fonte que existía ata ese momento, a de **Santo Agostiño**. O **Pilón** abastécese de mananciais do monte **Breamo**, cuxa auga chegaba tamén á fonte do antigo pazo. En 1717 o canteiro **José Ferrón** renovou o seu aspecto, volvendo ser reparada en 1764 polo seu estado ruinoso. En 1788 o mestre de cantería **Andrés de Monteagudo** realizou un novo **Pilón** renovando os seus canos ata o lavadoiro que estaba na parte máis baixa (norte) da praza. Outras reparacións desta fonte tiveron lugar nos anos 1836 e 1913, ás que fan referencia as inscricións que hai na súa propia estrutura central. Xa en 1943 foi desprazada cara o oeste uns cantos metros.

E segundo, as *escaleiras de San Miguel*, que comunican a praza coa **rúa San Miguel** que delimita o recinto do **Mercado** pola parte sur. As fotografías da época dan conta da existencia dunhas escaleiras como mínimo desde 1944, aínda que as que agora coñecemos datan de 1949. Probablemente deses anos son os azulexos que contan cunha imaxe de **San Miguel Arcanxo**, en honra e recordo da antiga capela do pazo e da rúa superior.



Mercado Municipal de Pontevedra

BIBLIOGRAFÍA

- BELLO ALONSO, M., “Un atentado contra el patrimonio: la desaparición del palacio-fortaleza de los condes de Andrade en Pontevedra”, *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 18 (2011), pp. 71-145.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. de, *Calles, Plazas y Jardines de Pontevedra. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970)*, Concello de Pontevedra, A Coruña, 2007.

www.mercadopontevedra.gal




MERCADO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

Praza do Conde s/n
15600 Pontevedra



Pazo dos Andrade



MERCADO

MUNICIPAL PONTEDEUME